

Aos traballadores e traballadoras do sector do automóbil



As declaracións feitas o pasado mércores polo Presidente do Clúster da Automoción e polo Director de PSA, invocando unha redución de salarios e maior flexibilidade no Sector, obríganos a unha resposta claramente sindical que non ofrezca ningunha dúbida.

Nesta crise aprendemos que precisamente os países con salarios máis baixos, menores garantías de dereitos no traballo e con máis precariedade, son precisamente os que acusan unha recesión maior, máis dramática e con maior destrución de emprego. O caso de Grecia, Irlanda, Portugal e Estado Español, con salarios en porcentaxes inferiores ao 30% da media da UE é paradigmático. Son os países en rescate e unha economía máis dependente do exterior. Por tanto os salarios baixos non fan unha economía máis competitiva. Isto non o discute ningún.

A regra é moi sinxela, a clase traballadora é a principal consumidora e o principal activo económico. Conxelar ou reducir os salarios significa menor renda e menos capacidade de gasto. Por tanto a economía do País queda resentida e o crecemento económico parálizase.

Temos que preguntarnos porque estas Multinacionais do Automóbil non suxiren estas mesmas medidas nos seus Países de orixe. Estas medidas non crean emprego, contrariamente o destrúen.

As declaracións destes dous representantes son ofensivas e irrespectuosas coa Clase Traballadora de Galiza, porque somos nós os que os fixemos crecer e elevar a produtividade e rentabilidade do Sector, e que lles serviu para mostrar Vigo como o exemplo destacado no concerto Europeo.

Resulta lamentable que estas intencións xa se teñan materializado nalgúns centros de traballo co acordo de UGT, CCOO e SITC; reducindo por Convenio os salarios para o persoal de novo ingreso.

Esta consecuencia permite unha discriminación indecente que ningunha Central Sindical de Clase pode tolerar. Agora queren ir máis lonxe, atacar os salarios e os dereitos de todos e todas, e buscan o amparo destes Sindicatos. A voracidade destas Multinacionais non ten fondo e o resultado será empobrecernos máis para o seu propio beneficio.

Non o permitamos!

AUTOMOCIÓN

Confederación Intersindical Galega
www.galizacig.com